

A

PRORROGA DURANTE DOUS MESES, tras a finalización do estado de alarma, DAS MEDIDAS previstas nos arts. 5 e 6 do RD Lei 8/2020:

- o carácter **preferente** do **TRABALLO A DISTANCIA**
- e o dereito á adaptación de horario e redución de xornada, que pasa a denominarse **PLAN MECUIDA**

B

AMPLIACIÓN DA SITUACION LEGAL DE DESEMPREGO:

- **Á EXTINCIÓN DA RELACIÓN LABORAL NO PERÍODO DE PROBA PRODUCIDA DURANTE O ESTADO DE ALARMA; E**
- **A QUEN HOUBESE RESOLVIDO VOLUNTARIAMENTE A SÚA ÚLTIMA RELACIÓN LABORAL A PARTIR DO DÍA 1/03/2020, POR TER UN COMPROMISO FIRME CONTRATACIÓN POR OUTRA EMPRESA, SE ESTA DESISTISE**

(Debe acreditarse por escrito da empresa que desiste)

C

SUSPENSIÓN DOS PRAZOS DE DURACIÓN DAS ACTUACIÓNS DA INSPECCIÓN DE TRABALLO DURANTE O ESTADO DE ALARMA

- salvo os urxentes e vinculadas ao COVID-19

D

CONCESIÓN DUN PRAZO 3 MESES, DESDE QUE FINALICE O ESTADO DE ALARMA PARA QUE OS TRABALLADORES AUTÓNOMOS QUE OPTASEN INICIALMENTE POR UNHA ENTIDADE XESTORA, POIDAN OPTAR POR UNHA MUTUA

Transcorrido o prazo de opción sen formalizar a adhesión entenderase que optou pola mutua con maior número de traballadores autónomos asociados na provincia do domicilio do interesado, producíndose automaticamente a adhesión con efecto desde o día primeiro do segundo mes seguinte á finalización do prazo de tres meses a que se refire o parágrafo anterior.

E

MODIFICACIÓN DA LISOS (Lei sobre Infraccións e Sancións na Orde Social), para concretar novas infraccións e sancións derivadas das modificacións legais durante a pandemia, clarificando o réxime sancionador e de reintegro de prestacións (DF 3ª e 9ª)

F

IMPUTACIÓN DA XESTIÓN POR CESAMENTO DE ACTIVIDADE DOS AUTONOMOS ÁS MUTUAS OU AO ISM (DF 8ª)

G

MODIFICACIÓN DO ERTE POR FORZA MAIOR (ART. 22 DO RD LEI 8/2020) PARA RECOÑECER A POSIBILIDAD DE AFECTACIÓN A PARTE DA ACTIVIDADE (DF 8ª)

H

AMPLIACIÓN/UNIVERSALIZACIÓN DA PROTECCIÓN POR DESEMPREGO AOS FIXOS DESCONTINUOS E AOS FIXOS PERIÓDICOS:

1 Se a empresa decide suspender ou reducir xornada conforme aos arts. 22 e 23 do RDL 8/2020, poderán cobrar o desemprego en todo caso e sen consumo do dereito propio.

2 Igual dereito á prestación do art.25 do RDL 8/2020 para aqueles traballadores que están á espera de ser chamados e non o son pola pandemia.

3 Traballadores que vexan interrompida a actividade, volverán percibir a prestación cun límite de 90 días.

4 Os traballadores que non puidesen reincorporarse á actividade na data prevista e fosen beneficiarios de prestacións naquel momento, non suspenderán o dereito ás mesma.

5 Se non estivesen a percibir prestación ou as esgotasen, pero acreditan período de ocupación cotizada para unha nova, recoñéceselle a mesma cun límite de 90 días.

6 Os traballadores que visen interrompida a súa actividade e os que non se incorporaron polo COVID- 19, e CARECESEN de período de ocupación cotizada, terán dereito a unha nova prestación contributiva cunha duración máxima de 90 días e cuxa contía mensual será igual á da última mensalidade percibida ou da contía mínimo da prestación por desemprego.

7 Igual dereito terán os que durante a crise esgoten as súas prestacións por desemprego e non teñan cotizacións suficientes para un novo dereito (90 días máximo- importe da última prestación percibida ou a prestación mínima)

I

ENTRADA EN VIGOR:

Ao día seguinte da súa
publicación: 23/04/2020